

8 Junio de 2015 - Revista 1024

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 7

PREMIOS E CONCURSOS / 8

NOVAS DE EMPREGO / 8

EN PORTADA → NOVAS E ACTIVIDADES

Os Farsantes Teatro, primeiro premio no certame Xuventude Crea, protagonizan a nova edición de Xuventude.Novas

Martes, 02 Xuño 2015 00:00



A nova edición de **Xuventude.Novas**, a revista interactiva da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, ten como principal contido da súa portada unha entrevista con **Alfonso Rivera**, o director da compañía **Os Farsantes Teatro**, gañadora do primeiro premio da última edición do certame **Xuventude Crea**. Rivera explica que **'Vincent'**, a obra gañadora que percorre a biografía do pintor Van Gogh, segue as pautas do chamado teatro físico, no que prima o proceso de creación e a capacidade de improvisación sobre a existencia dun texto previo ou a necesidade de grandes recursos escénicos. De feito, declárase "orgullosa" de que a produción da obra custase nada máis que 150 euros.

Outra reportaxe destacada neste número é a relacionada coa **Iniciativa Xove** que efectuaron os integrantes da *asociación xuvenil A Eira, de Valga* (Pontevedra). Consistiu nun curso para aprender a utilizar o software **'SolidWorks'**, empregado para o deseño e modelado de pezas dun xeito sinxelo. Os coñecementos adquiridos nesta actividade fóronlles útiles aos participantes para incrementar a súa formación e ter máis opcións de empregabilidade. A asociación que promoveu esta Iniciativa Xove é un dos colectivos máis recoñecibles da súa contorna, que logra implicar persoas de todas as idades na súa programación, especialmente o sector da mocidade.

O novo **Xuventude.Novas** reserva un espazo para o programa de voluntariado ambiental deste verán, que xa comezou no *Parque Nacional das Illas Atlánticas*. Ata setembro, pasarán por esa paraxe uns 400 participantes, que afrontarán en total unhas 2.000 xornadas de accións voluntarias. As tarefas principais que teñen previstas son as do coidado, recuperación e preservación dos ecosistemas naturais, e as de apoio aos guías de información para visitantes, incluído un grupo específico para a atención a persoas con discapacidade.

Como é habitual, a música ocupa unha boa parte do espazo da revista interactiva da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*. En primeiro lugar, este número ofrece unha entrevista con **Sofía Espiñeira**, gañadora do **Certame de Canción de Autor en Galego**. Satisfeita co recoñecemento do concurso, no que tamén obtivo o premio do público, Espiñeira asegura que os temas das súas cancións van saíndo das súas experiencias cotiás e explica que nas súas actuacións gústalle transmitirlle ao público a orixe desas letras. En segundo lugar, **Xuventude.Novas** ofrece unha crónica dos **Premios da Música Independente MIN 2015**, que como mellor álbum en galego condecoraron o disco **'A muerte'**, do grupo **Terbutalina**. E por último, non podía faltar na revista a habitual axenda de concertos e actuacións, cada vez máis intensa por causa da chegada do verán.

Xuventude.Novas de maio de 2015

Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2015-2016

Martes, 02 Xuño 2015 07:22



A Consellería de Educación publica as normas para o acceso e a admisión do alumnado ás **ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2015-2016**.

Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio.

Requisitos:

a) Dispor do título de graduado en educación secundaria e superar unha proba específica.

b) Os aspirantes que non dispoñan do título de graduado en educación secundaria, deberán ter cumpridos os dezasete anos e superar a proba de madurez ademais da correspondente proba específica.

c) A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, pola proba de madurez a ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou pola proba de madurez de grao medio de ensinanzas deportivas.

Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior.

Requisitos:

a) Dispor do título de bacharel e superar unha proba específica.

b) Os aspirantes que non dispoñan do título de bacharel, deberán ter cumpridos os dezanove anos e superar a proba de madurez, ademais da correspondente proba específica.

c) A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, pola proba de madurez a ciclos formativos de grao superior de formación profesional ou pola proba de madurez de grao superior de ensinanzas deportivas.

Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso ao grao medio e superiores das ensinanzas de artes plásticas e deseño, quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

a) Título de bacharel, modalidade de artes, ou de bacharelato experimental.

b) Título superior de Artes Plásticas ou título superior de Deseño, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.

c) Título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas súas diferentes especialidades.

d) Licenciatura en Belas Artes.

e) Arquitectura.

f) Enxeñaría técnica en Deseño Industrial.

Así mesmo, estará exento de realizar a proba específica de acceso ao grao medio e superior de artes plásticas e deseño quen acredite ter experiencia laboral de, polo menos, un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo a que se queira acceder, para o cal presentará a seguinte documentación:

Certificación da empresa onde adquiriu a experiencia laboral en que conste a natureza e duración concreta da actividade realizada.

Prazos: A inscrición farase na secretaría das escolas públicas en que se impartan as correspondentes ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño ata o día 18 de xuño para os ciclos de grao superior, e ata o 24 de xullo para os ciclos de grao medio.

Desenvolvemento das probas:

a) Probas de acceso ao grao medio:

Proba de madurez: 2 de setembro.

Proba específica: 4 de setembro.

b) Ciclos de grao superior:

Proba de madurez: 26 de xuño.

Proba específica para todas as familias profesionais: día 9 de xullo.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> cos procedementos ED511E e ED511D.

Máis información no DOG 2 de xuño de 2015 e en www.edu.xunta.es

Visitas didácticas á exposición 'Camiño. A Orixe'

Martes, 02 Xuño 2015 08:55



Percorrer o **Camiño de Santiago** a través dunha viaxe por etapas nas que meterse na pel do peregrino, coñecer os seus símbolos, vivir as súas experiencias e recrear episodios claves da nosa Historia. Esta é a proposta didáctica que ofrece a **Cidade da Cultura** a través da exposición **Camiño. A Orixe**.

Con contidos adaptados por niveis educativos, as **Visitas didácticas Camiño**. A orixe ofrecen percorridos guiados con actividades pedagóxicas e lúdicas. Estas visitas achegarán os escolares ao fenómeno da peregrinación a través de obras mestras da arte como pinturas de *Murillo* ou *Durero* e outras pezas de alto valor cultural, coñecerán os seus símbolos e vivirán os múltiples significados do Camiño con audiovisuais que lles permitirán poñerse na pel dos peregrinos.

A estrutura da exposición –que ademais dos dous primeiros andares do **Museo Centro Gaiás** conta con once intervencións artísticas en diversos puntos da Cidade da Cultura- permitirá tamén abordar o Camiño como fío conductor da nosa Historia. O alumno emprenderá, así, unha viaxe que o leve a recrear momentos históricos que estiveron ligados a Camiño ao longo dos séculos como a *Batalla de Clavijo* ou a de *Lepanto*, comprendendo a importancia política, social e económica da peregrinación ao longo do tempo.

As **Visitas didácticas Camiño. A Orixe** son de balde mais é preciso concertar cita previamente a través do correo electrónico:

visitasdidacticas@ciudadecultura.org

www.ciudadecultura.gal/gl/evento/camino-orixe

Carné Xove: Turismo activo

Martes, 02 Xuño 2015 09:01



6-7 de xuño de 2015 - Desafío Rural Vila de Cruces

Actividades: Paintball, kaiak e escalada. Inclúese picnic do sábado, aloxamento en casa rural (casa Goris) cea do sábado e almorzo do domingo. Recóllese todo o grupo na casa de turismo rural, e unha vez rematado vólvese á casa, en cada xornada.

Prazas dispoñibles: 16.

Prezo con carné xove: 115€/pers - sin carné xove 140€/pers

13-14 de xuño de 2015 - Desafío Extremo

Actividades: Puenting, barranquismo nivel medio, hidrospeed. Inclúese picnic do sábado, aloxamento en albergue (Sabucedo- A Estrada) e almorzo do domingo no albergue. Recóllese todo o grupo no albergue, e unha vez rematado vólvese ao albergue en cada xornada.

Prazas dispoñibles: 25.

Prezo con carné xove 105€/pers - **sin carné xove** 125€/pers

20-21 de xuño de 2015 - Desafío Rural A Estrada.

Actividades: Rafting, rappel, escalada, barranquismo. Inclúese picnic do sábado, aloxamento en casa rural (casa da Pastora) cena do sábado e almorzo do domingo. Recóllese todo o grupo na casa de turismo rural, e unha vez rematado vólvese á casa, en cada xornada.

Prazas dispoñibles: 16.

Prezo con carné xove 140€/pers - **sin carné xove** 165€/pers

20-21 de xuño de 2015 - Desafío Aventura.

Actividades: Rafting, rappel, escalada e barranquismo. Inclúese picnic do sábado, aloxamento en albergue (Sabucedo- A Estrada) e almorzo do domingo no albergue. Recóllese todo o grupo no albergue, e unha vez rematado vólvese ao albergue en cada xornada.

Prazas dispoñibles: 25.

Prezo con carné xove 100€/pers - **sin carné xove** 120€/pers

27-28 de xuño de 2015 - Desafío Rural Vila de Cruces.

Actividades: Kaiak, cabalos, rappel, escalada. Inclúese picnic do sábado, aloxamento en casa rural (casa Goris) cea do sábado e almorzo do domingo. Recóllese todo o grupo na casa de turismo, e unha vez terminado vólvese á casa, en cada xornada.

Prazas dispoñibles: 16.

Precio con carné xoven 125€/pers - **sin carné xoven** 150€/pers

Inscripcións a través do correo electrónico: desafio@turismoactivogalicia.es ou no 639 915 916.

Data límite de inscricións, o venres da semana anterior á data.

Imprescindible enviar a copia do ingreso bancario, copia do DNI e copia do carné xove no caso de telo.

Taller de proxectos europeos de Europa creativa e de Europa cos cidadáns

Mercores, 03 Xuño 2015 11:14

O vindeiro **19 de xuño de 2015**, a oficina de **Europa Creativa - Cultura e o Punto Europeo de Cidadanía**, en colaboración coa *oficina de Europe Direct da Deputación da Coruña e a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia*, organiza no **Museo de Belas Artes da Coruña** o **taller Proxectos Europeos dos Programas Europa Creativa - Cultura e Europa cos Cidadáns 2014-2020**.

O **obxectivo** da iniciativa é ofrecer información práctica e resolver dúbidas específicas sobre o proceso de presentación de proxectos ás convocatorias dos *programas Europa Creativa e Europa cos Cidadáns*, que se abrirán no segundo semestre de 2015.

Este taller está destinado a todos os perfís do sector cultural, empresas, organismos e entidades tanto públicas como privadas -administracións, fundacións, asociacións, empresas, ONG, consultoras e produtoras- que estean interesados en presentar un proxecto europeo no marco destes dous programas de financiamento.

A **inscrición é gratuíta** e deberá realizarse antes do vindeiro **17 de xuño de 2015**. O número máximo de prazas é de 150, por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase certificado de asistencia.

Máis información en www.cultura.gal

Últimos días!!! Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2015

Venres, 05 Xuño 2015 00:00



Benestar convoca **campamentos de verán para persoas con discapacidade**.

Permiten gozar, durante **10 días**, dunha estadía socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades que este ano estarán dirixidas especialmente ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa terra, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Persoas destinatarias

As que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, unha idade comprendida entre os **11 e os 40 anos** e presenten calquera tipo de limitación e / ou necesidade especial.

Requisitos

- Ter recoñecida unha discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima á súa finalización.
- Estar empadroados nalgún concello de Galicia.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

Servizos ofertados

- Aloxamento en albergue ou residencia, segundo o destino solicitado.
- Manutención en réxime de pensión completa.
- Programa de actividades de animación sociocultural.
- Material necesario para a actividade.
- Equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Destinos:

Albergue Xuvenil de Gandarío. Bergondo-A Coruña.

de 11 a 14 anos do 1 ao 10 de agosto
de 15 a 18 anos do 11 ao 20 de agosto
de 19 a 25 anos do 11 ao 20 de agosto
de 26 a 40 anos do 20 ao 29 de agosto

Residencia de Tempo libre Panxón. Nigrán. Pontevedra.

de 11 a 14 anos do 1 ao 10 de xullo

de 15 a 18 anos do 1 ao 10 de xullo
de 19 a 25 anos do 1 ao 10 de setembro
de 26 a 40 anos do 1 ao 10 de setembro

Prezo: 125 €

Ese importe pódese reducir nun 50% se a persoa ten o título de familia numerosa e nun 25 % se ten o carné xove.

Modelo de solicitude e de informe médico:

A solicitude e o informe médico formalizarase nos impresos oficiais e terán que estar asinadas polos pais/nais ou titores das persoas con discapacidade e polo persoal médico, segundo corresponda.

Estes impresos están a disposición das persoas interesadas na páxina web: <http://benestar.xunta.es>

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de xuño incluído**.

Máis información no teléfono social 900 333 666 e en <http://benestar.xunta.es>

Acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2015/16

Venres, 05 Xuño 2015 07:47



A Consellería de Educación convoca **probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2015/16**.

Acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio.

Terá acceso ao grao medio das ensinanzas deportivas o alumnado que cumpra calquera dos seguintes requisitos:

a) Dispor do título de graduado en educación secundaria, e superar unha proba específica.

b) O alumnado que non dispoña do título de graduado en educación secundarias, deberá ter 17 anos e superar a proba de madurez.

Acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior.

Terá acceso ao grao superior das ensinanzas deportivas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Dispor do título de técnico deportivo na modalidade ou especialidade deportiva correspondente, ter o título de bacharel, ou equivalente para os efectos académicos, e cumprir cos requisitos relativos á experiencia deportiva que se puideren establecer na especialidade ou modalidade correspondente.

b) O alumnado que non posúa o título de bacharel deberá ter 19 anos e superar unha proba de madureza.

A inscrición para realizar as probas farase preferentemente na secretaría dos centros públicos onde se imparten ensinanzas deportivas.

O **prazo** de inscrición estará aberto ata o día **10 de xullo de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> cos procedemento **ED318A**.

Máis información no **DOG 5 de xuño de 2015** e en www.edu.xunta.es

Oferta educativa de deporte: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1550>

Campo de traballo en Becerreá

Luns, 08 Xuño 2015 07:39



A **Asociación Castaño y Nogal** organiza, do **15 ao 30 de agosto de 2015**, a **VI edición do seu campo de traballo internacional**, que ten por destinatarios a mozos e mozas de 22 a 35 anos.

No campo realizaranse tarefas de conservación e limpeza do sendeiro tradicional ao longo do **río Donsal**. As tarefas inclúen a rehabilitación dos antigos elementos arquitectónicos existentes ao longo do sendeiro, cortar maleza, reparar pequenas pontes de madeira, pintar sinais indicadoras da ruta... O campos incluirá tamén, como actividades complementarias, encontros con familias da zona, obradoiros, visitas e excursións a lugares de interese da zona e de Galicia.

Podedes consultar as bases da convocatoria nos seguintes enlaces:

ENGLISH: <http://www.asociacioncastanoynogal.com/InternationalVoluntaryCamp.html>

ESPAÑOL: http://www.asociacioncastanoynogal.com/blog/wp-content/uploads/2015/04/Bases_Convocatoria_CTI_2015_es1.pdf

Contacto e inscrición:

As persoas voluntarias que queiran inscribirse deberán cubrir o formulario dispoñible na web da asociación: http://www.asociacion-castanoynogal.com/blog/wp-content/uploads/2015/04/Formulario_Inscripcion_CTI_CyN_2015.pdf

O formulario debe remitirse por correo electrónico ao enderezo: contacto@asociacioncastanoynogal.com ou por correo postal urxente ao enderezo que figura no mesmo formulario de inscrición.

Sitios Web:

Web: <http://www.asociacioncastanoynogal.com>

Blog: <http://www.asociacioncastanoynogal.com/blog>

Facebook: <https://www.facebook.com/pages/Asociacion-Casta%C3%B1o-y-Nogal/77062553646>

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Formación para a dinamización da igualdade de xénero dende entidades xuvenís

Luns, 08 Xuño 2015 00:00



A *Dirección Xeral de Xuventude* convoca o **curso de Formación para a dinamización da igualdade de xénero dende entidades xuvenís**

Obxectivos:

Revisar e analizar as repercusións das relacións sexo-xénero no desenvolvemento integral de mozos e mozas.

Analizar como incorporar a perspectiva de xénero nos obxectivos e actuacións dunha entidade xuvenil.

Finalidade:

Analizar como os factores relacionados coa socialización dos roles de xénero tradicionais inflúen nos hábitos de saúde da mocidade

Destinatarios/as:

Persoal da **Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil**, mocidade de 18 a 30 anos e outras persoas interesadas na temática do curso.

Número de horas: 20

Número de prazas: 50

Contidos:

Relación sexo-xénero.

Reproducción dos estereotipos de xénero nos espazos de relación entre mozos e mozas.

Incorporar a perspectiva de xénero nos espazos educativos con mocidade.

Modalidade: A distancia.

Data de inscrición: do 8 ao 23 de xuño de 2015.

Data prevista de realización: do 30 de xuño ao 4 de setembro de 2015.

Información.

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Telefono: 881 997 604 / 881 997 607

Correo electrónico para información xeral: oixuventude.traballo@xunta.es

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor de tempo libre na Coruña

Venres, 05 Xuño 2015 07:16



A **Escola Galega de tempo libre** organiza un curso de **Monitor de actividades de tempo libre**.

Lugar: R/Ronda de Outeiro 60, entrecán dereita. A Coruña.

Datas: do 16 de xullo ao 28 de agosto, de luns a venres de 9 a 15 h. O sábado 1 de agosto haberá unha ruta de sendeirismo.

Prezo: 280 €

Máis información na Escola Galega de tempo libre, teléfono 881 886 016 e en www.escolagalegadetempolibre.es

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

45 bolsas de máster dirixidas a titulados coas notas máis altas no campus lugués

Xoves, 04 Xuño 2015 11:40

A USC e a Deputación de Lugo, convocan estas **bolsas de matrícula gratis**, os tres mellores expedientes de cada título de grao impartido pola USC en Lugo, que soliciten no curso 2015-16 cursar algún dos másteres oficiais ofertados pola USC.

O **prazo** está aberto ata o **30 de xullo**.

Máis información http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2015_06/noticia_0017.html

90 Bolsas para os mellores expedientes preuniversitarios de Galicia

Xoves, 04 Xuño 2015 11:43

A USC e a Deputación de Lugo, impulsan a **captación de alumnos e de talento para o campus de Lugo** para estudos de grao en Lugo no curso 2015-16.

Esta nova convocatoria, que está aberta ata o **30 de xullo**, ofrece **90 matrículas de balde** (6 en cada un dos 15 títulos de grao existentes) para os mellores expedientes académicos preuniversitarios (BAC e FP) de Galicia.

Máis información http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2015_06/noticia_0017.html

BOLSAS E AXUDAS

OUTRAS

Bolsas para participar en accións formativas

Venres, 05 Xuño 2015 07:22

A Consellería de Traballo e Benestar convoca **bolsas e axudas para as persoas traballadoras desempregadas** que participen en accións formativas.



Modalidades:

Bolsa de asistencia: Poderá percibir unha bolsa consistente en 9 euros por día de asistencia o alumnado con discapacidade dun grao igual ou superior ao 33 %.

Axudas de transporte, manutención e aloxamento:

Axudas á conciliación:

Axudas para mulleres vítimas de violencia de xénero.

A persoa traballadora desempregada deberá presentar a súa solicitude no prazo dun mes desde a súa incorporación á acción formativa.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> cos procedemento **TR301V**.

Máis información no **DOG 5 de xuño de 2015** e en <http://traballo.xunta.es/>

PREMIOS E CONCURSOS

IV Premio de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro

Mercores, 03 Xuño 2015 11:16

Estos premios son convocados polo **Concello de Mondoñedo**. *Os poemas serán orixinais e inéditos e en galego.*

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **1 de setembro de 2015**.

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PÚBLICO

Persoal para o Concello de Sarreaus

Martes, 02 Xuño 2015 07:52

O **Concello de Sarreaus** necesita contratar o seguinte persoal:

2 brigadas para a prevención e defensa contra incendios forestais (2 xefes de brigada, 2 condutores e 6 peóns)

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **8 de xuño de 2015**.

Máis información no **BOP de Ourense do 2 de xuño de 2015** e na **OMIX de Sarreaus**, teléfono 988 454 002.

Xuíz/a de Paz de Negueira de Muñiz

Martes, 02 Xuño 2015 07:59

O **Concello de Negueira de Muñiz** fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de **xuíz de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **19 de xuño de 2015**. **Máis información no BOP de Lugo do 2 de xuño de 2015**.

Persoal para o Concello de Xunqueira de Ambía

Mercores, 03 Xuño 2015 06:53

O **Concello de Xunqueira de Ambía** necesita contratar o seguinte persoal:

Socorrista acuático para as piscinas municipais. O **prazo** para presentarse a esta praza estará aberto ata o **8 de xuño**.

Un xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns para a brigada de prevención e extinción de incendios 2015. O **prazo** para presentarse a esta praza estará aberto ata o **9 de xuño**.

Máis información no BOP de Ourense do 3 de xuño de 2015 e na **OMIX de Xunqueira de Ambía**, teléfono 988 436 069.

Convocadas 5 prazas de auxiliar de Enfermería do Hospital Provincial de Castellón

Mercores, 03 Xuño 2015 11:11

As prazas de persoal laboral fixo, son convocadas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais** contados a partir da publicación no BOE o **3 de xuño de 2015**. www.boe.es

Convocada 1 praza temporal de técnico no Instituto Español de Oceanografía en Pontevedra

Mercores, 03 Xuño 2015 11:12

A praza convocada é de **Técnico Superior de Actividades Técnicas e Profesionais** para **proxecto de investigación Exploring the biological and socio-economic potential of new emerging candidate fish species for the expansion of the European aquaculture industry**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **8 de xuño de 2015**.

Máis información Centro de Información Administrativa 1 de xuño de 2015.

http://administracion.gob.es/pag_Home/empleoBecas/empleo/buscador.html

50 Bolsas 'Red Eléctrica de España Práctica+ 2015- Fundación Sepi

Mercores, 03 Xuño 2015 11:13

As bolsas teñen unha duración de 9 meses e unha dotación económica de 750 a 1.000 euros. A data de celebración é do **1 de novembro ó 31 de xullo de 2016**. **Máis información** www.fundacionsepi.es

Convocada bolsa de prácticas na oficina de turismo de Marín

Mercores, 03 Xuño 2015 11:14

A bolsa ten unha duración de **3 meses** e está dotada entre 700 e 800 euros/mes.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días hábiles**, contados a partir da publicación no **BOPPO**.

Máis información BOPPO do 2 de xuño de 2015. www.boppo.es

Convocadas 15 prazas de socorristas e 3 de patróns no Concello de Cangas

Mercores, 03 Xuño 2015 11:16

As prazas son convocadas para o **servizo de salvamento en praias** polo sistema de oposición libre.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días hábiles** desde o seguinte a publicación no BOPPO do **3 de xuño**. www.boppo.es

Socorrista en Maceda

Xoves, 04 Xuño 2015 06:44

O **Concello de Maceda** necesita contratar **un socorrista para a piscina municipal**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 4 de xuño de 2015 e na **OMIX de Maceda**, teléfono 988 463 001.

Auxiliar de axuda a domicilio en San Cristovo de Cea

Xoves, 04 Xuño 2015 06:50

O **Concello de San Cristovo de Cea** fai unha convocatoria para a creación **dunha bolsa para a contratación de auxiliar de axuda a domicilio**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 4 de xuño de 2015 e na **OMIX de San Cristovo de Cea**, teléfono 988 282 000.

Convocadas 144 prazas de enfermeiro/a no País Vasco

Xoves, 04 Xuño 2015 08:09

As prazas son convocadas polo **Servizo Vasco de Saúde**, para **AtS ou diplomados enfermería**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **3 de xullo de 2015**. www.bopv do **3 de xuño**.

Convocadas prazas auxiliar enfermería, celador, especialista laboratorio, fisioterapeuta no País Vasco

Xoves, 04 Xuño 2015 08:33

O **Servizo de Saúde do País Vasco**, convoca **70 prazas de auxiliar de enfermería, 26 de celador, 8 de matrona, 11 de fisioterapeuta e 70 de auxiliar administrativo**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **3 de xullo de 2015**. www.bopv do **3 de xuño**.

Persoal de limpeza de praias e entornos en Cee

Venres, 05 Xuño 2015 08:09

O **Concello de Cee** necesita contratar **17 persoas para limpeza de praias e entornos**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 5 de xuño de 2015 e na **OMIX de Cee**, teléfono 981 745 100.

Socorrista para o Concello dos Blancos

Venres, 05 Xuño 2015 08:16

O **Concello dos Blancos** necesita contratar **un/ha socorrista para a piscina municipal**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP do 5 de xuño de 2015.

Auxiliares de axuda no fogar en Entrimo

Venres, 05 Xuño 2015 08:19

O **Concello de Entrimo** necesita contratar **2 auxiliares de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP do 5 de xuño de 2015 e na **OMIX de Entrimo**, teléfono 988 434 666.

Persoal para o Concello de Esgos

Venres, 05 Xuño 2015 08:22

O **Concello de Esgos** necesita contratar o seguinte persoal:

3 peóns forestais

1 lector de contadores de auga

1 auxiliar de axuda a domicilio

2 socorristas

2 vendedores de entradas para as piscinas municipais

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP do 5 de xuño de 2015 e na **OMIX de Esgos**, teléfono 988 290 000.

Socorrista para o Concello de Sarreaus

Venres, 05 Xuño 2015 08:31

O **Concello dos Sarreaus** necesita contratar **un/ha socorrista para a piscina municipal**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP do 5 de xuño de 2015 e na **OMIX de Sarreaus**, teléfono 988 454 002.

Persoal para o Concello de Trasmiras

Venres, 05 Xuño 2015 08:33

O **Concello de Trasmiras** necesita contratar o seguinte persoal:

2 brigadas para a prevención e defensa contra incendios forestais (2 xefes/as de brigada, 2 peóns condutores, 6 peóns).

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP do 5 de xuño de 2015.

Docentes para a Arnoia

Luns, 08 Xuño 2015 09:27

O **Concello da Arnoia** necesita contratar docente do curso **AFD 2015**:

Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 8 de xuño de 2015 e na **OMIX da Arnoia**, teléfono 988 486 900.

Chofer de tractor rozador para o Concello de Manzaneda

Luns, 08 Xuño 2015 09:32

O **Concello de Manzaneda** necesita contratar **un chofer de tractor rozador**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **16 de xuño de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 8 de xuño de 2015 e na **OMIX da Manzaneda**, teléfono 988 333 043

NOVAS DE EMPREGO → EMPREGO PRIVADO

Cociñeira

Mercores, 03 Xuño 2015 07:40

Se necesita **cociñeira para Oleiros** (A Coruña).

Xornada parcial.

Experiencia máis de seis meses.

Estudos de graduado escolar.

<https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

Programador.Net para Santiago

Mercores, 03 Xuño 2015 07:41

SEREM consultoría empresarial necesita incorporar **un programador.net** (mínimo un ano ou dos de experiencia).

Requisitos:

Desenvolvemento en .NET; ASP.NET Web forms. Servicios Web ASP.NET, ADO.NET e Entity Framework.

Servicios web: SOAP e REST.

CSS y javascript; deseño guiado por dominio DDD. Patróns de deseño. Repositorio. Dominios DAO.

Proxecto de longa duración.

Estudos mínimos de Ciclo Superior.

http://www.trabajando.es/empleos/oferta/191945/programador-net-santiago.html?utm_source=sepe&utm_medium=Xml&utm_campaign=sepe

Mozos de carga e descarga Santiago de Compostela

Mercores, 03 Xuño 2015 08:03

Activa Sevilla Trabajo Temporal seleccionamos a mozos con dispoñibilidade inmediata e para días soltos para os nosos hoteis en Santiago de Compostela.

Contrato de duración determinada.

Xornada parcial.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/mozos-de-carga-y-descarga/a-corunna/1823996/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=compras-logistica-y-transporte&utm_term=a-corunna

Cociñeiro/a Redondela (Pontevedra)

Mercores, 03 Xuño 2015 08:11

Nortempo Porriño selecciona cociñeiro/a para importante empresa do sector da hostelería en Redondela, para o seu servizo de Restauración.

Formación en Hostelería (Ciclo Medio ou Superior).

Diponibilidade de incorporación inmediata.

Contrato temporal a xornada completa.

Salario segundo convenio.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/cocinero-a/pontevedra/1823868/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=hosteleria-turismo&utm_term=pontevedra

Ofertas Servizo Público de Emprego 05/06/2015

Venres, 05 Xuño 2015 07:06

Bailarins de salas de festas e semellantes

- Localidade: Caldas de Reis (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/5183
- Data: 05/06/2015
- Requisitos: necesítanse bailaríns de salas de festas.

Mecánicos/as de mantemento e reparación de automoción, en xeral

- Localidade: Caldas de Reis (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/5190
- Data: 05/06/2015
- Requisitos: necesítanse mecánicos/as de mantemento e reparación de automoción. Necesaria experiencia como mecánico/a de automóbiles e camións.

Teleoperadores

- Localidade: A Coruña
- Nº oferta: 12/2015/5256
- Data: 05/06/2015
- Requisitos: solicítanse teleoperadores con discapacidade, para traballar en A Coruña. Contrato a tempo parcial de 25 hrs. semanais. Nivel alto de galego e catalán. Coñecementos de ofimática a nivel de usuario.

Técnicos/as en informática de xestión

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/5403
- Data: 05/06/2015
- Requisitos: necesítanse informáticos de xestión.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net